



Boletín Nº 30. Miércoles, 6 de febrero de 2008

- [IV. ADMINISTRACIÓN LOCAL](#)
- [IV.2 MUNICIPAL](#)
- [CULLEREDO](#)

ANUNCIO Pág. 1339 Reg. 08/887-x.

- [Anterior](#)
- [Siguiete](#)

Regulamento do Consello Local de Seguridade

APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DO CONSELLO LOCAL DE SEGURIDADE DO CONCELLO DE CULLEREDO

Aprobado inicialmente polo pleno do Concello, en sesión celebrada o día 30 de outubro de 2007 o Regulamento de funcionamento do Consello Local de Seguridade de Culleredo e transcurrido o prazo de información pública sinalado no art. 49 b) da vixente Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, sen presentarse alegación algunha, enténdese definitivamente aprobado o texto que se publica como Anexo, en cumprimento do disposto no art. 70.2 da vixente Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

ANEXO**REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO CONSELLO LOCAL DE SEGURIDADE****Preámbulo.**

A Constitución española, ó introducir o concepto de seguridade cidadá, cambia o modelo de seguridade pública que debe ser entendida dende entóns como una situación social de paz, convivencia e confianza mutua que permite ós cidadáns o libre e pacífico exercicio dos seus dereitos individuais, políticos e sociais, así coma o normal funcionamento das institucións públicas e privadas.

O Concello de Culleredo entende que a seguridade pública así entendida debe responder a uns orzamentos que promovan e faciliten a corresponsabilización dos cidadáns na formulación das políticas de seguridade e o seu seguimento, que profunden na cooperación das forzas e corpos de seguridade cos cidadáns e os seus movementos asociativos, que posibiliten un maior achegamento entre os mesmos e unha maior eficacia no funcionamento das institucións.

En desenvolvemento destes orzamentos, o Concello acordou a creación do Consello Local de Seguridade e as súas bases reguladoras, en sesión plenaria de 28 de xaneiro de 1997.

Constituído formalmente, faise necesario desenvolver as súas bases, en relación á súa composición e competencias e regular o seu funcionamento.

Tendo como premisas as anteriores consideracións e na súa virtude, o Pleno do Concello de Culleredo, aproba o seguinte

Regulamento do Consello Local de Seguridade.

Art. 1.-Réxime e composición:

1. O réxime xurídico do Consello Local de Seguridade axustarase ás normas do presente regulamento e á Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, en particular no relativo á regulación dos órganos colexiados.

2. O Consello Local de Seguridade estará composto polos seguintes membros:

- Presidente: o alcalde do Concello.

No suposto de asistencia ás sesións convocadas do delegado ou subdelegado do goberno, a presidencia será compartida polas dúas autoridades.

- Secretario: o secretario do Concello.

- Vogais:

O comandante-xefe do posto da Garda Civil de Culleredo ou persoa en quen delegue.

O concelleiro-delegado de Seguridade Cidadá do Concello.

O xefe da Policía Local.

O xefe do Servizo de Protección Civil Municipal.

O concelleiro de Educación.

O concelleiro de Asuntos Sociais.

O concelleiro de Mocidade.

Os portavoces dos grupos municipais.

3. Así mesmo, tamén formarán parte do Consello Local de Seguridade calquera outras entidades, institucións ou asociacións, representativas de interese social que o soliciten.

Para ese efecto as entidades proporán, conforme ás súas propias normas internas, á persoa designada e o seu suplente, que se integrarán no Consello unha vez aceptada a incorporación ao mesmo polo pleno. Dous representantes de Asociacións de Veciños.

Artigo 2.-Competencias:

Serán competencias do Consello Local de Seguridade:

1.-Exercer funcións consultivas respecto das distintas administracións públicas, asesorando aos organismos especializados no deseño dunha política de seguridade adecuada ás circunstancias do momento e lugar.

2.-Prestar especial atención aos fenómenos colectivos que se suceden no marco da sociedade.

3.-Estudiar os referentes máis significativos que viran ao redor da seguridade cidadá, promovendo a análise do comportamento de situacións que permitan operar sobre circunstancias concretas e valorables para os membros das forzas e corpos de seguridade.

4.-Efectuar un seguimento daquelas facetas que poidan perturbar unha serena convivencia cidadá -violencia na rúa, racismo e xenofobia, tráfico de drogas e fenómenos similares- para previr conflitos e riscos que poidan pór en perigo a cidadanía ou os valores máis esenciais da Sociedade.

Artigo 3.º .-Presidente.

1 . Corresponde ao presidente:

- a) Ostentar a representación do Consello.
- b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e a fixación da orde do día, tendo en conta, no seu caso, as peticións que os demais membros formulen coa suficiente antelación.
- c) Presidir as sesións, tendo en conta a previsión do art. 1.2, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
- d) Dirimir co seu voto os empates, a efectos de adoptar acordos.
- e) Asegurar o cumprimento das leis.
- f) Visar as actas e certificacións dos acordos do órgano.
- g) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de presidente do órgano.

2. En caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, o presidente será substituído por quen legalmente corresponda.

Artigo 4.-Secretario.

1. O cargo de secretario do Consello será ocupado pola persoa que ostente a Secretaría municipal.

2. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, será suplido polo funcionario, pertencente ao grupo A, que en cada caso designe o presidente.

3. Corresponde ao secretario:

- Asistir ás reunións con voz e sen voto.
- Efectuar a convocatoria das sesións do órgano por orde do seu presidente, así como as citacións aos membros do mesmo.
- Recibir os actos de comunicación dos membros co órgano e, xa que logo, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos que deba dar coñecemento.
- Preparar o despacho dos asuntos, redactar e autorizar as actas das sesións.

- Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.
- Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretario.

Artigo 5.-Membros.

1. Corresponde aos membros do Consello:

- a) Recibir, cunha antelación mínima de corenta e oito horas, a convocatoria contendo a orde do día das reunións. A información sobre os temas que figuren na orde do día estará a disposición dos membros en igual prazo.
- b) Participar nos debates das sesións.
- c) Exercer o seu dereito ao voto e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.

Non poderán absterse nas votacións quen pola súa calidade de autoridades ou persoal ao servizo das administracións públicas, teñan a condición de membros de órganos colexiados.

- d) Formular rogos e preguntas.
- e) Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas.
- f) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición.

2. Os membros do Consello non poderán atribuírse as funcións de representación recoñecidas a este, salvo que expresamente outorgar por acordo validamente adoptado, para cada caso concreto, polo propio órgano.

3. En casos de ausencia ou de enfermidade e, en xeral, cando conorra algunha causa xustificada, os membros titulares do Consello serán substituídos polos suplentes, se os houberse.

4. Aos efectos previstos no parágrafo anterior, as entidades representativas de interese social integradas no Consello, estarán representadas polo titular ou suplente cuxa identidade sexa acreditada na Secretaría do Consello no momento da súa incorporación ao mesmo.

5. As entidades representativas de intereses sociais comunicarán á Secretaría do Consello, os cambios na representación con arranxo aos seus regulamentos de réxime interno.

Artigo 6.-Convocatorias e sesións.

1. Para a válida constitución do órgano, a efectos de celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza do presidente e secretario, ou no seu caso, de quen lles substitúan e a da metade, polo menos, dos seus membros.

2. O Consello Local reunirase, ordinariamente, unha vez polo menos por trimestre e con carácter extraordinario, por convocatoria do seu presidente ou cando así o solicite un terzo dos seus membros.

3. Os acordos adoptaranse por maioría de votos.

4. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros do Consello e sexa declarada a urxencia polo voto favorable da maioría.

5. Aos efectos previstos no parágrafo anterior, calquera membro do Consello Local poderá presentar ante a Secretaría do Consello, con 15 días de antelación á data sinalada para a celebración da sesión, propostas sobre asuntos para incluír na orde do día.

Artigo 7.-Das comisións e grupos de traballo.

1. O Consello poderá formar no seu seo as comisións e grupos de traballo que considere conveniente.

2. O acordo de constitución das mesmas adoptarase en Pleno, no que se establecerán os criterios de adscrición ás mesmas. Estes criterios garantirán, en todo caso, a presenza de polo menos un representante da corporación local en cada comisión ou grupo de traballo constituído.

Artigo 8.-Actas.

1. De cada sesión que celebre o órgano colexiado levantarase acta polo secretario, que especificará necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.

2. No acta figurará, a solicitude dos respectivos membros do órgano, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifiquen ou o sentido do seu voto favorable. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que achegue no acto, ou no prazo que sinale o presidente, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose así constar no acta ou uníndose copia á mesma.

3. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de corenta e oito horas, que se incorporará ao texto aprobado.

4. Cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, no seu caso, poida derivarse dos acordos.

5. As actas aprobaranse na seguinte sesión do Consello, podendo no entanto emitir o secretario certificación sobre os acordos específicos que se adoptaron, sen prexuízo da ulterior aprobación do acta.

6. Nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación do acta, farase constar expresamente tal circunstancia.

Disposición final.

Este regulamento entrará en vigor aos quince días da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia e tramitarase de acordo co procedemento establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local. "

Culleredo, 16 de xaneiro de 2008

O Alcalde,

Asdo: Julio Sacristán de Diego.

Reg. 08/887-x